

Antonio Reigosa, coordinador do caderno de 'Galicia Encantada': "Tapamos o baleiro que deixa a Xunta coa tradición oral"

'Galicia Encantada' fai 20 anos e o seu promotor, o escritor e investigador Antonio Reigosa (Mondoñedo, 1958), que coordina un caderno especial sobre esta enciclopedia dixital da fantasía galega que agasallará o vindeiro 5 de marzo 'Nós Diario', preséntaa como “a última oportunidade” que ten a literatura popular de facerse visíbel e recoñecíbel.



Patricia Villarino 01/mar./25

—*Galicia Encantada* fai agora 20 anos. Por que se embarcou neste proxecto?

A tecnoloxía ofreceu unha oportunidade para un aspecto do patrimonio inmaterial como é a literatura de tradición oral —a lenda, os contos, o mito e a poesía popular—; unha oportunidade porque o fai visíbel. Na transmisión oral é importante a voz, pero tamén a xestualidade e os tempos narrativos de cada xénero. Para min, *Galicia Encantada* é a última oportunidade que ten a literatura popular e tradicional galega de facerse visíbel e recoñecíbel. É tamén a gran posibilidade de conectar cos galegos no mundo, os que tiveron que marchar hai moitos anos e os seus fillos e netos. Internet ofrece esa posibilidade.

—Que importancia teñen as novas tecnoloxías na conservación da tradición oral?

Cando empezamos hai 20 anos había xa un pouco de todo, con blogs e páxinas web, pero nos íamos dando conta das posibilidades que naquel intre abría o uso máis xeneralizado de internet... e van alá 20 anos, eu creo que é unha oportunidade, neste caso para a literatura de tradición oral, pero en xeral para a difusión do patrimonio inmaterial. Poder comunicarse a longa distancia con todo tipo de formatos...

—O proxecto contou con numerosas colaboracións neste tempo.

O número de colaboradores é irregular, pero permanece ao longo destes 20 anos ese espírito de colaboración da xente que manda cousas máis ou menos elaboradas. *Galicia Encantada* é un dos poucos sitios onde se reúne este tipo de material, pois na Galiza non temos un lugar público onde recibir material deste tipo. Hai anos que funciona a web do Museo do Pobo Galego, pero está xestionado por un Padroado; é unha iniciativa privada, e non é colectiva.

—Falta iniciativa pública para a conservación desta tradición oral?

Teño clarísimo que con iniciativas como a nosa estamos tapando o oco baleiro que deixa especialmente a Xunta, que é a quen lle correspondería. Hai que ter en conta que isto é patrimonio e, por tanto, debe estar protexido como o [patrimonio] material. Falamos dun patrimonio moi sensíbel: é intanxíbel e depende fundamentalmente das recollas que se fagan, e por iso precisamente debería ter un lugar ben coidado, xestionado e financiado pola Xunta. O que facemos os demais é tapar un baleiro enorme nun momento no que é evidente que está en absoluto perigo. Os temas tradicionais desaparecen coa xente que morre.

—Esta tradición oral, que existe en cada recuncho do país, que función cumpre?

As lendas, os mitos e os contos forman parte dun sistema. Hai unha serie de ideas de base sobre as que se constrúe o coñecemento da contorna: por exemplo, dicimos que unha moura habita unha cova para explicar que a cova é perigosa. Os mitos explican como é a contorna e os seres que a gobernan e repítense por todo o país, en todos os concellos, comarcas e parroquias, porque consiste en relatar sempre sobre un fondo común.

—A lingua é unha parte importante desta tradición. Como valora a situación actual que atravesamos e que medidas cre que se deben tomar?

A situación do galego é trágica, unha situación dramática extensíbel a unha despreocupación social evidente por manter viva a lingua identitaria deste país. Sabemos que hai unha porcentaxe alta de poboación que é capaz de relacionarse en galego, pero polas razóns que sexa non o fai. Descoida o coidado dun ben patrimonial como a lingua dunha forma inexplicábel. Fai falla unha batería de solucións que, evidentemente, pasan por unha escolarización seria en galego e tamén por traballar a conciencia social.

Mouras, trasnos e outros mitos "que nos gobernan"

Antonio Reigosa é un apaixonado do amplo e variado abano de seres "que nos gobernan". "Gústanme especialmente as historias que se contan en moitos sitios, como a da moura como ser mítico", di, e destaca desta lenda "a súa inmensa variedade" dependendo das zonas onde contén a historia: "Hai mouras bonitas e con riqueza, pero tamén as hai vellas, feas e xigantes; en cada lugar mítico hai unha personaxe característica".